



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



CIRCULAR 41/2009

- A todas as Delegacións
- Aos clubs, atletas e adestradores.

CAMPIONATO GALEGO DE 1000 METROS RUTA BENXAMIN, ALEVIN E INFANTIL CAMPIONATO GALEGO DE MILLA RUTA CATEGORÍAS CADETE, XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SENIOR E VETERAN

A Coruña (Os Cantones), domingo 24 de maio ás 11:00 horas.

Art.1) O día 24 de maio terá lugar o **Campionato Galego de 1000 metros en ruta benxamin, alevín e infantil e o Campionato Galego absoluto de milla en ruta das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa e veterán**. O campionato terá lugar no circuito dos Cantones de marcha. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías federadas benxamin (2000/01), alevín (1998/99), infantil (1996/97), cadete (1994/95), xuvenil (1992/93), junior (1990/91), promesa (1987/88/89), senior (1986 ata <35 anos) e veterán según categorías oficiais federadas que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2008/09) por algún Clube ou Colexio pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org con data límite o martes día **19 DE MAIO**, ata as 20,00 horas.

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os dorsais para a competición entregaranse o domingo entre as 10:00 e 11:30 horas.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados en cada unha das categorías así como na clasificación absoluta da carreira junior, promesa e senior recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) O horario do Campionato é o seguinte:

- 12:00h. 1000 metros:** benxamin, alevín e infantil.
- 12:10h. 1609 metros (milla):** cadete e xuvenil.
- 12:20h. 1609 metros (milla):** Junior, promesa e senior.
- 12:30h. 1609 metros (milla):** veteráns.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



12:45h. 100 metros: proba fora do campionato federado destinada para prebenxamins (2002 e posteriores)

Os participantes deberán situarse na zona de saída 5 minutos antes do comezo da súa proba, por detrás da liña de saída.

A Organización resérvase a posibilidade de cambiar as categorías das carreiras ou xuntar dúas carreiras en función do número de inscricións.

Art.7) Percorrido

Zona de Saídas.

Avenida de A Mariña (zona de Xardíns de Méndez Núñez).

Zona de Meta.

Avenida de A Mariña (zona do Obelisco).

Percorrido homologado pola Real Federación Española de Atletismo, de 582,92 metros por volta.

SAÍDA en Avenida da Mariña (zona Xardíns de Méndez Núñez), dirección Teatro Colón, *xiros* 1°,3°,5° (á altura do Teatro Colón), Avenida da Mariña (zona obelisco), Avenida da Mariña dirección Cantón Pequeno, *xiros* 2°,4° (á altura da Rúa Santa Catalina). META en Avenida da Mariña (zona Obelisco), ó paso por meta dúas voltas

Art. 8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 4 de maio de 2009

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

